



**REUNIÓN CONSELLO PARROQUIAL
SALCEDO
02/08/17**

ASISTENTES:

- Comunidade de Montes
- Sociedade Cultural Deportiva Salcedo
- Asociación Vai Polo Río
- AAVV San Brais-Salcedo Norte
- AAVV Cabanas
- AAVV Héroes do Campo da Porta
- Alberto Oubiña

O concelleiro delegado da parroquia, Alberto Oubiña, convoca aos distintos colectivos da parroquia para presentarllles o proxecto do aproveitamento multifuncional do monte, nos terreos onde a Brilat tiña o campo de tiro.

O traballo de deseño foi realizado polos técnicos municipais tendo en conta as aportacións e suxerencias da comunidade de montes de Salcedo, propietaria dos terreos. Conseguirose así para a parroquia e para todo o concello unha área de usos lúdicos no monte onde irá integrado o campo de fútbol tan necesario para a parroquia. O Concelleiro remarca que a prioridade é a construción do campo de fútbol e o aparcamento. O resto das instalacións complementarias serán realizadas posteriormente en sucesivas actuacións.

1. O espazo central estaría ocupado polo campo de fútbol (campo, baños e vestiarios) que incluíría cafetería e centro de recepción de visitantes. Nesta zona tamén podería ir un futuro posto para alugar bicicletas e outros elementos deportivos
2. Tamén estaría contemplada unha zona para practicar BMX
3. A zona entre as dúas anteriores sería ocupada polo campo da festa
4. Rocódromo
5. Na entrada a todo o recinto está proxectado un aparcamento de aproximadamente 135 prazas e unha zona de xogos infantís
6. Carballeira con zona de mesas
7. Na zona máis grande está debuxada unha pista de atletismo, mais como indica o concelleiro, a idea desta pista pode variar, incluso albergar outras actividades no interior.

Todos os membros as asociacións presentes amosan a súa enorme satisfacción con tan ambicioso proxecto, xa que non só se dará a cidade un novo espazo de esparcemento senón que se porá en marcha un aproveitamento do monte novidoso.

Inda que o proxecto está practicamente rematado, dende o Concello piden que se fagan as suxerencias e modificacións que se estimen oportunas e estudiarase a súa viabilidade.

1. O presidente do Salcedo CF plantexa que podería ser interesante a construción dalgunha piscina a poder ser, aproveitando o auga natural procedente do monte. O problema desta alternativa radica nos trámites e permisos de Augas de Galicia.
2. Dende a Comunidade de Montes queren saber a orde e os prazos de execución das obras.

O proxecto dará comenzo pola construción do campo de fútbol e do aparcamento, tratando de ampliarse cada fase na medida do posible. Está previsto o inicio das obras a finais do ano 2018. Primeiro hai que asinar a cesión dos terreos ao Concello por parte da Comunidade de Montes. Ademais estase a espera de que o Ministerio faga a explanación das terras acumuladas polos militares na zona.

3. A Asociación de veciños de Salcedo Norte suxire que se pense tamén en espazos cerrados para a realización de actividades no inverno: talleres, obradoiros, proxeccións, charlas...
4. O Presidente da Sociedade cultural de Salcedo presenta a posibilidade de que o campo da festa tamén se poida aproveitar para exposicións ao aire libre, así como para a celebración de distintos espectáculos: circo, actuacións musicais, etc.

Sen máis intervencións e tralo apoio unánime do Consello Parroquial ao proxecto, dáse por concluída a xuntanza nos termos expresados anteriormente